

Proclámome irmán dos castiñeiros,
das xestas, dos toxos, das
camelias,
das abidueiras, teixos e carballos,
pois alumeounos a mesma luz
grisenta,
iguais chuvias nos luíron
e un idéntico vento conferiunos
o algo don da vida e da palabra.

Manuel María

Raio de luz, bolboreta
que voas de flor en flor:
¡non che me engada o teu voo,
que me engada a túa color!

Manuel María

Teño un barco de xoguete
e nel me quero embarcar.
Polos mares dos meus soños
¡quen me verá navegar!

Manuel María



Din noticia de min. Son un home sincero
que percura pureza na canción.
Sei que a verdadeira canción é a do xílgaro:
o amor canta na súa voz. E cando a escoito
a ese do teu nome, amiga, en min se enreda.

Manuel María

A INFANCIA é a patria verdadeira,
o país puro
no que os soños se cumpren.

Manuel María

Manuel María (1929-2004)
Día das Letras Galegas
Biblioteca e EDLG
CPI de San Sadurniño